



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de abril de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezanove de abril de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(404).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(405).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «FUNDA-
CIÓN MENELA» PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO
FAMILIAR DIRIXIDO A FAMILIAS E COIDADORES HABITUAIS DE PERSOAS
AFECTADAS POR ALGUNHA DISCAPACIDADE – ANO 2018. EXPTE.
151554/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 16/03/18 e o informe de fiscalización do 16/04/18, dáse conta do informe-proposta do 15/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de

Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Marco normativo:

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

I.2. Xustificación do Convenio coa Fundación Menela 2018:

Na área de persoas con discapacidade da Concellería de Política Social estanse a levar a cabo diferentes programas e proxectos dirixidos á atención integral das persoas con discapacidades e as súas familias.

No ano 2007 iniciouse un programa de respiro familiar coa finalidade de proporcionar medios facilitadores para que as familias poidan afrontar as situacións, moitas veces conflictivas



Concello de Vigo

e estresantes, que se derivan da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual, ofrecendo un espazo de tranquilidade e descanso ós pais/nais, irmáns ou titores para que “carguen pilas”; feito que repercutirá tamén positivamente na evolución da persoa con discapacidade intelectual.

Poderán beneficiarse do programa de respiro familiar as persoas con discapacidade de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroadas no Concello de Vigo e que fagan a achega correspondente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello acompañadas da seguinte documentación:

- Ficha de datos persoais
- Ficha de coñecemento
- Ficha médica-autorización
- Autorización cesión de imaxes.

O programa comprende estanzas de curta duración, que poden ser como mínimo dun día ata un máximo de tres en fin de semana, pontes ou festivos. Os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de catro días. O número máximo de usuarios por estanza é de seis persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, poidendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

Todos os fins de semana que se realice este programa de respiro familiar deberá haber, como mínimo, catro persoas usuarias.

A actividade residencial do respiro familiar ten lugar no edificio CAMI da Fundación Menela, ubicado na rúa Laxe, nº 3. O edificio, situado no centro histórico de Vigo, conta con catro andares, deseñados especialmente para facilitar a plena accesibilidade das persoas con discapacidade, nun contorno urbano que facilita a realización de múltiples actividades. Nestas instalacións, á parte das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc. realízanse tamén actividades lúdicas (xogos de mesa, dinámicas individuais e grupais, manualidades), sesións de cine, etc. Dado que este é un servizo de lecer, fóra do edificio fanse saídas de socialización que consisten en levar ós usuarios do programa a lugares normalizados da comunidade para conseguir a súa integración nunha vida o máis normalizada posible: cafeterías, discotecas, cines, concertos musicais, praias, etc. As actividades adaptaranse ás características individuais de cada persoa.

A vixencia deste convenio será dun ano (2018), debendo a beneficiaria xustificar antes do 01 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Como novidade para este ano, o Convenio recolle expresamente a obriga da beneficiaria de relacionarse electronicamente coas AAPP (Art. 14.2 LPACAP), de presentar a conta xustificativa da subvención a través da sé electrónica do Concello de Vigo por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e de achegar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas (Cláusula décimo terceira).

Este programa lévase a cabo a través da sinatura dun convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a Fundación Menela. Esta fundación ten por obxecto a realización, sen ánimo de lucro, das seguintes finalidades:

- Fomentar e prestar todo tipo de axudas ó estudo.
- Investigación, promoción e asistencia nos seus aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufran enfermidade ou marxinação social, especialmente ós enfermos ou deficientes mentais, minusválidos psíquicos ou físicos, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando desta forma mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellora do seu contorno familiar e social e fomentar accións de cara á atención destas persoas por calquera institución e organismo público ou privado.

Para a realización deste programa de respiro familiar existe no orzamento da Concellería de Política Social consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 por un importe de 8.000 € - “*Convenio Fundación Menela*”.

A concesión da referida subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento dun programa de respiro familiar dirixido a familias e cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade – ano 2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 8.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 -*Convenio Fundación Menela*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANO 2018».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario da “Fundación Menela”, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas

que sofren enfermidade ou marxinación social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de



Concello de Vigo

actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervenientes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Menela” para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración das persoas discapacitadas no edificio CAMI da “Fundación Menela”, situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política Social, e a “Fundación Menela” comprométese a colaborar activamente na execución do Programa de “Respiro Familiar”. O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:

–Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.

–As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de 4, previa autorización municipal.

–Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 6 estanzas ó longo da duración do convenio anual.

–O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 6, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.

–Por excepción, o Concello poderá autorizar un mínimo de 4 estanzas/día cubertas nos fins de semana que se realice o servizo de “Respiro familiar”.

–Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.

TERCEIRA.- O programa levarase a cabo durante todo o ano 2018 ata esgotar o importe total da subvención. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade “Fundación Menela” unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 8.000€ prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.09).

CUARTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- 1) Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- 2) O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 01 de novembro de 2018, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro,



Concello de Vigo

xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Este programa de “Respiro familiar” é cofinanciado pola Concellería de Política Social os beneficiarios do mesmo. O custo da estanza por usuario e día ascende a 167,92€, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores.

A achega do usuario do servizo será do 20,85% da estanza (35,00€ persoa/día) e a achega municipal do 79,15% (132,92€ persoa/día).

Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).

SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:

- a) Ficha de datos persoais.
- b) Ficha de coñecemento.
- c) Ficha médica – autorización.
- d) Autorización para a cesión de imaxes.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.

A mes vencido, a “Fundación Menela” enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoas usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 16/03/18 e o informe de fiscalización do 16/04/18, dáse conta do informe-proposta do 15/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do **01** de novembro de 2018 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo** (<https://sede.vigo.org/expedientes/sedel?lang=gal#2>)



Concello de Vigo

por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio

dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A “Fundación Menela” queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

3.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS-ANO 2018. EXPTE. 151168/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15/03/18 e o informe de fiscalización do 17/04/18, dáse conta do informe-proposta do 14/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (ASV) para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos en 2018.

I.2. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da Xunta de Goberno Local, a concesión desta subvención nominativa abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que «non se entenderá como exercicio de novas competencias», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.3. A ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.4. A vixencia deste convenio será dun ano (2018), debendo a beneficiaria xustificar antes do 01 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Como novidade para este ano, o Convenio recolle expresamente a obriga da beneficiaria de relacionarse electronicamente coas AAPP (Art. 14.2 LPACAP), de presentar a conta xustificativa da subvención a través da sé electrónica do Concello de Vigo por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e de achegar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas (Cláusula novena).

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO 2018».

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - *Convenio programa sordos*.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO 2018».

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2018



Concello de Vigo

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a María José Cruz Agra, Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María José Cruz Agra, con DNI 36.134.120-Q, Presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, rúa Romil nº 24, baixo.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.

III.- Que o Concello de Vigo conta, desde hai anos, cun “Gabinete Técnico de Accesibilidade” como órgano consultivo encargado de garantir no ámbito local o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para

o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

IV.- Que a Concellería de Política Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

V.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.



Concello de Vigo

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VII.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.

VIII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2018, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos en 2018.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:

- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.
- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.
- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.
- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.
- O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.
- O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade ASV unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 20.000 € (VINTE MIL EUROS)



Concello de Vigo

prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.02 – *Convenio Programa Sordos*).

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

2. Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
3. O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do **01** de novembro de 2018 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo** (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) **por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).



Concello de Vigo

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política Social.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso

subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

4(406).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA INFANCIA E FAMILIA. EXPTE. 150888/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/04/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 5 de marzo de 2018, acordou aprobar o expediente número 150888-301 para a contratación do servizo do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo.

Segundo.- O 7 de marzo de 2018, publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do citado procedemento.

Terceiro.- Con data do 4 de abril de 2018 Dna. Mónica Manrique Samaniego en representación de CLECE,SA., aberto o prazo para a presentación de ofertas, mediante escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello solicita aclaracións ao prego de prescricións técnicas particulares e prego de cláusulas administrativas particulares.

Reprodúcense no seguinte apartado as aclaracións solicitadas e a súa resposta.

II.- Aclaracións

PRIMEIRA.- Respecto aol Apartado 6, relativo aos Recursos Humáns:

1. Na páxina 6 de 10 do PPT, pídese unha variación, respecto ao persoal a subrogar, que se adxunta en anexo aparte. Sobre dicha variación, relativa a, dous educadores de rúa, cinco educadores sociais para actividades de reforzo educativo e tempo libre e unha mediadora



Concello de Vigo

intercultural, necesitamos aclaración entorno a se este persoal, debe estar adscrito a este contrato e rexerse polo convenio de aplicación do centro de traballo, ou se podería vincularse a persoal voluntario.

Resposta: Este persoal esta adscrito a este contrato. Non pode vincularse a persoal voluntario.

SEGUNDA.- .En calquera caso, tamén nos gustaría saber se se podería vincular persoal de estrutura de empresa ou con vinculación a contratos similares, para estes postos.

Resposta: Os/ as dous educadores/ as de rúa e a/o mediador/a intercultural son traballadores a xornada completa para este contrato. Os cinco educadores a xornada parcial terán un contratos de 12 horas semanais para a prestación do servizo.

TERCEIRA.- Respecto dos talleres Socio Educativos:

No PPT, apartado 7, relativo ao "Lugar e Xornada de traballo", dinos

Os educadores de actividades desenvolverán o seu traballo nos obradoiros de reforzo educativo, lecer e tempo libre, catro (4) días á semana. Os obradoiros terán unha intensidade de doce (12) horas semanais e desenvolveranse en horario de tarde durante o curso escolar e en horario de mañá durante o periodo de vacacións.

Con todo, no apartado 4.3, do mesmo PPT, especificase o seguinte:

No marco do «Programa socio-educativo e de apoio familiar», a empresa adxudicataria desenvolverá durante os meses de xullo e agosto, en horario de 10:00h a 14:00h, obradoiros de lecer socio-educativos en tres zonas da cidade para os/as menores designados/as pola técnica municipal responsable do Servizo. Así mesmo, as actividades a realizar nos obradoiros deberán contar coa súa conformidade.

CUARTA.- ¿O programa de talleres de Xullo e Agosto, é o mesmo do que se fala no capítulo 7?.

Resposta: Si

QUINTA.-En caso afirmativo, o horario do capítulo 4.3 (10:00 a 14:00, 4 horas), e o do capítulo 7 (4 días ás semana 12 horas semana, equivalente a 3 horas ao día), non coinciden, a non ser que se desenvolvan no verán durante 3 días semana no canto de en 4 (4 horas, 3 D/ S). Necesitamos aclaración.

Resposta: os talleres desenvolveranse 3 horas ao día, catro días á semana, na franxa horaria desde as 10:00 ás 14:00 horas. O horario exacto de comezo e finalización das tres horas de taller, determinarao a responsable municipal en colaboración coa coordinadora da adxudicataria en función das necesidades.

III.- Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar a resposta ás cuestións formuladas por Dña. Mónica Manrique Samaniego en representación de CLECE,SA . mediante escrito de data 4 de abril de 2018 e contida neste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(407).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR COMPLEMENTOS POLICIAIS, S.L. CONTRA OS PREGOS QUE REXEN O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4799/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/04/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do subministro do vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo, de 22 de febreiro de 2018 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para contrato de subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo , de 22 de febreiro de 2018 (PPT).
- Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas prendas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local (Orde 22.07.2010).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante XGL) , na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2018, acordou aprobar o expediente número 4.799-440 para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal, e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- O 23 de febreiro de 2018, se anuncia a licitación no perfil de contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, 28 de febreiro de 2018, abríndose con esta publicación o prazo de presentación de ofertas.
- Boletín Oficial do Estado, 8 de marzo de 2018.
- Boletín Oficial da Provincia, 16 de marzo de 2018.
- Diario Oficial de Galicia, 16 de marzo de 2018.

Terceiro.- Con data de 27 de marzo de 2018, D. Manuel Duarte Garrido, en representación de Complementos Policiales, S.L., aberto o prazo para a presentación de ofertas, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, con número 180045464 solicita aclaracións ao prego de prescricións técnicas particulares. A resposta ás mesmas é publicada no perfil de contratante o 2 de abril de 2018.

Cuarto.- Con data 10 de abril de 2018, D. Manuel Duarte Garrido, en nome e representación de Complementos Policiales, S.L. (en adiante Compol ou o recorrente), interpón perante o

Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, TACPG ou o Tribunal), recurso especial en materia de contratación contra os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas que rexen este procedemento.

Quinto.- En data 18 de abril de 2018, o servizo xestor, a petición do servizo de contratación, emite informe sobre o recurso citado no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

Son obxecto da presente impugnación os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas que rexen o procedemento aberto para a contratación do subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal, aprobados o 22 de febreiro de 2018 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



Concello de Vigo

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 46 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adjudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministro, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación armonizada.
- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei o valor estimado do cal sexa igual ou superior a 209.000 euros .
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Se ben a tarefa de analizar si concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso se considerará que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.

Así, os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas que rexen o procedemento son actos susceptibles deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso á persoas físicas e xurídicas os dereitos ou intereses lexítimos dos cales se viron prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 48 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recurrir. En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación activa á mercantil recorrente na súa calidade de posible licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O **escrito anunciando o recurso** deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). No caso que nos ocupa, o recorrente non presenta o citado escrito no Rexistro Xeral desta Administración. Non obstante, o artigo 17 do Real Decreto 814/2015, establece que a presentación do escrito de interposición perante o órgano de contratación producirá, ademais, os efectos do anuncio de recurso. Nesta liña, a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos contractuais 211/2011, establece que non é necesario presentar escrito anunciando a interposición cando o recurso se presenta perante o propio órgano de contratación. Fundamenta este criterio sinalando que “o *anuncio de interposición está establecido polo lexislador coa finalidade de que o órgano de contratación saiba que contra a súa resolución, sexa cal fora ésta, se vai interpoñer o pertinente recurso. Por tanto, a omisión do requisito nos casos en que a interposición do recurso se verifique directamente perante o órgano de contratación, como é o caso do expediente en cuestión, non pode considerarse como un vicio que obste á válida prosecución do procedemento e o dictado dunha resolución contra o fondo do recurso*”. Dado que o recurso foi presentado no Rexistro do Concello, o escrito de interposición produciu os efectos do anuncio.



Concello de Vigo

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recurrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recurrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción do cal solicite (artigo 51 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaíra ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicara.
- O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- Unha dirección de correo electrónico «habilitada» á que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recurrente.

Conven aclarar que COMPOL presentou o recurso nunha oficina de Correos en Santiago de Compostela o día 7 de abril de 2018. Este recurso tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o día 10 de abril do mesmo ano.

O artigo 18 do RD 814/2015 determina respecto ó rexistro de presentación do recurso que “O recurso especial en materia de contratación e as cuestións de nulidade ó abeiro do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público só poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelos (...) A presentación nas oficinas de correos ou en calquera rexistro administrativo distinto dos mencionados no apartado anterior non interromperá o prazo de presentación. En tales casos, o recurso, a reclamación ou a cuestión de nulidade se entenderán interpostos o día no que entren no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano administrativo competente para resolvelo, segundo proceda”. É dicir, que a falta de presentación nalgún dos citados recursos non provoca a inadmisión do recurso, senon que o único efecto sería ter por interposto o recurso na data na que ten entrada no rexistro do órgano de contratación ou do tribunal competente para resolvelo. Neste sentido, establece a doutrina do TACRC (resolucións 928/2015, 1017/2015 e 1119/2015) que :

- A data de interposición a considerar é a de presentación do recurso no rexistro do órgano de contratación ou no deste Tribunal.
- Non computan a estes efectos nin a data do anuncio previo, nin a de presentación en rexistro distinto.

- No caso de presentarse en oficinas de correos ou en rexistros distintos aos sinalados, o prazo comezará a contar dende a entrada no rexistro do Tribunal ou do órgano de contratación.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP). No caso de que o recurso se interpoña contra os pregos, o Real Decreto 814/2015, establece que o prazo comenizará a contarse a partir do día seguinte á data da súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea (artigo 19.2 en relación co apartado 1 do mesmo do Real Decreto 814/2015).

Neste caso, o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea, 28 de febreiro de 2018. Dado que COMPOL presenta o recurso en data 10 de abril de 2018, este é extemporáneo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar a inadmisión do presente recurso especial por extemporaneidade.

Non obstante nos fundamentos xurídicos seguintes se analizará o fondo da cuestión planteada polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O Sr. Duarte, en nome e representación da entidade recorrente, formula as seguintes alegacións:

1. Deficiente expresión e redacción do PPT que determina a imposibilidade de formular con garantías a oferta técnica por resultar incomprensibles para o licitador, por obscuras, determinadas cláusulas dos PPT (fundamento de dereito primeiro do escrito de recurso).
2. Inadecuada esixencia no prego de prescricións técnicas do subministro de prendas orixinais propias dunha marca concreta (fundamento de dereito segundo do escrito de recurso).
3. A indefinición dos PCAP nos criterios de adxudicación evaluables a través de fórmula (fundamento de dereito terceiro do escrito de recurso).

Nos fundamentos xurídicos seguintes deste informe, VI a VIII, nos referiremos por separado a cada un dos motivos esgrimidos polo recorrente para a estimación do recurso nas súas alegacións.



Concello de Vigo

-VI-

Da deficiente expresión e redacción do PPT que determina a imposibilidade de formular con garantías a oferta técnica por resultar incomprensibles para o licitador, por obscuras, determinadas cláusulas dos PPT (fundamento de dereito primeiro do escrito de recurso)

Comenza seu alegato o recorrente manifestando que, tal e como xa advertiu, no escrito de aclaracións citado no antecedente terceiro deste informe, no PPT, no listado de prendas a subministrar para o lote 4, se esixe aos licitadores a presentación de mostra obligatoria dun total de 22 produtos dos cales non todos están descritos na correspondente ficha técnica do Anexo do PPT. Esta circunstancia, na súa opinión, "imposibilita a formulación de ofertas polos licitadores en relación coa súa admisión e posterior valoración". Continua o recorrente alegando que segundo a doutrina dos tribunais administrativos de recursos en caso de que a obscuridade dos pregos non posibilite unha lectura unívoca dos mesmos, deberán retrotraerse as actuacións ao momento anterior a súa formulación para que se redacten correctamente e cita ao respecto a Resolución nº809/2015, do Tribunal de recursos da Comunidad Valenciana.

No escrito de aclaracións ás cuestións formuladas, esta Administración manifestaba ao respecto que o prego de prescricións técnicas particulares no apartado h) do punto 2) contén a seguinte indicación:

"h.- En relación coas prendas do LOTE nº 4 Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local, o licitador deberá atender con carácter xeral ás normas establecidas na "Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local" e de forma específica as peculiaridades descritas nas fichas incluídas no anexo deste lote. As prendas ou elementos non definidos por fichas individualizadas terán como referencia xenérica a Orde do 22/07/2010".

Non obstante, o recorrente considera que "esta remisión normativa non posibilita a comprensión efectiva do prego nin a configuración das ofertas que han de ser formuladas polos licitadores en relación con determinadas prendas (...) Así, non existe na Orde do 22 de xullo de 2010, a referencia expresa ás prendas "pantalón de inverno e pantalón de verano", so existindo descrición técnica dos denominados "pantalón de faena", "pantalón na uniformidade especial das unidades de motoristas e "pantalón recto" na uniformidade especial de gala. (...) O mesmo acontece coa denominada "cazadora de entretempo" (...) Respecto dos guantes (...) O mesmo acontece cos zapatos".

Informa ao respecto o servizo xestor, en data 18 de abril de 2018, o seguinte:

"O Anexo do PPT indica no referente ao LOTE nº 4: Pantalón de inverno e pantalón de veran, e ao non ter unha ficha específica, se deberá ter en conta as condicións establecidas na ORDEN do 22 de xullo de 2010, na cal como indica o recorrente existe:

Pantalón de faena - Indicado para uniformidade para o traballo policial ordinario (xa se atopa definido no anexo do LOTE 4 noutra referencia) polo cal non pode ser:

Pantalón - Indicado para "os corpos de policía local, que teñen unha estrutura interna organizada en seccións, unidades ou servizos distintos, coa asignación de funcións específicas para cada un deles, poderán utilizar segundo corresponda, ademais das pezas da uniformidade ordinaria, as seguintes uniformidades especiais. e de forma especial para a uniforme de unidades de motoristas.

Pantalón recto: indicado na orde como un elemento "só de uso para actos protocolarios ordinarios definidos pola xefatura do corpo", polo cal e obvio que non se corresponde coa propia definición do tipo de vestuario.

En relación ao criterio definido como inverno e verán, debese indicar que a propia "orde", establece en varios dos seus apartados que os diversos tipos de uniformidade terán as variacións necesarias para inverno e verán, segundo necesidades e climatoloxía.

Polo cal pódese deducir claramente que a referencia que indica o PPTP refírese, ao modelo "pantalón", indicado na ORDE do 22 de xullo de 2010, para o PANTALÓN (que referencia no artigo 8 da orden como uniformidade de unidade de motorista) e coas variacións necesarias da climatoloxía para verán e inverno.

Así mesmo o PPTP indica un prezo unitario de referencia para o citado "pantalón" (210,00 € inverno e 250,00 € verán), así como un número de unidades -200 unidades en total- o cal ven a xerar unha información complementaria que sen ningunha dúbida e indicadora que non se refire a prendas que se correspondan con un uso de uniformidade de "GALA", tanto polo número ni como o prezo unitario.

O anexo que indica os elementos do LOTE nº 4 indica o concepto de "guantes" e debese indicar que na orden se atopa perfectamente indicado dita referencia no artigo 7 de pezas de uniformidade para o traballo policial ordinario, xa que o outro conceptos de "guantes" definidos na orde fai referencia o que lle corresponde o artigo 8 definido para os motoristas, o cal se atopa definido na ficha nº 247 que se anexa ao PPTP e que indubidablemente pola súa definición (protección contra abrasións, impactos e puncións, así como pola normativa de seguridade) correspondese coas condicións específicas do guante de motorista.

Da mesma forma que no apartado anterior a indicación do número de unidades -200 unidades en total- ven a xerar unha información complementaria que sen ningunha dúbida e indicadora que non se refire a prendas que se correspondan con un uso de uniformidade de "GALA".En relación ao ZAPATO 02 CI HI HRO WR, dese indicar que de acordo coas referencias indicadas dito zapato correspondese co que se atopa indicado no artigo 7 de pezas de uniformidade para o traballo policial ordinario.

En relación a "CAZADORA DE ENTRETENPO" debese indicar que a mesma se atopa perfectamente definida nunha ficha individualizada recollida no anexo ao citado PPTP, a cal indica todas as especificacións técnicas tanto para a confección da prenda como dos materiais cun alto grado de detalle. Si ben é preciso por de releve que padeceuse un erro material é a cazadora identificouse como cazadora



Concello de Vigo

polar. No entanto, se se compara o listado de prendas coas fichas individualizadas pode apreciarse perfectamente que tratase da mesma prenda.”

Como se deduce deste informe técnico, non existe obstáculo para formular as ofertas, pois as prendas que no están descritas no Anexo IV é porque teñen que cumprir co disposto na Orde de 22 de xullo de 2010, á que remite o propio prego. A xuízo da informante non existe obscuridade en ningunha das cláusulas do prego que motive a súa nulidade. Corrobora esta afirmación o feito de que no presente procedemento xa rematou o prazo de presentación de ofertas e se presentaron catro. Tal e como certifica a Secretaria do Goberno Local, presentaron ofertas os seguintes licitadores: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L; SAGRES, S.L., PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. e DANNERBOOTS, S.L. E durante o citado prazo de presentación de ofertas o único interesado que solicitou aclaracións ao prego é o recurrente. E se o recurrente tivese indicado estas cuestións na consulta se lle haberían aclarado. No entanto, limitouse a manifestar que “no listado de elementos a subministrar no lote 4, se esixe a presentación de mostra obrigatoria sobre un total de 22 produtos que non están, na súa totalidade, descritos no ANEXO do PCAP (lote 4)

Á vista do exposto, procede solicitar do Tribunal a desestimación da alegación contida no fundamento de dereito primeiro do escrito de recurso.

-VII-

De la inadecuada exigencia en el pliego de prescripciones técnicas del suministro de prendas originales propias de una marca concreta (fundamento de derecho segundo del escrito de recurso)

Manifiesta el recurrente que en el Anexo de las prendas a suministrar correspondientes al lote 4 “se exige o subministro de dúas prendas (zapato e bota) cunha referencia concreta a unha marca rexistrada “goretex”. (...) Esta esixencia do PPT, ademais de incumprir o disposto no artigo 118.8 do TRLCSP -pois non se inclúe a mención “ou equivalente” para os subministros obxecto do contrato-, prexudica gravemente a competencia”. E cita en defensa da súa tese, un informe da Junta Consultiva de Contratación Administrativa, o 2/1999, que conclúe que debe prescindirse da expresión “ou equivalente” nos casos nos que este xustificado polo obxecto do contrato, circunstancia esta que na súa opinión non concorre no expediente que nos ocupa.

Efectivamente en el Anexo del PPT relativo al LOTE 4 se recoge que las BOTAS O2 CI HI HRO WR han de contener membrana GORE-TEX, sin embargo en el PPT no se recoge ninguna referencia a esta marca registrada. Si bien esta mención del anexo es desafortunada, y debería omitirse o bien incorporarse la mención o equivalente, lo cierto es que una lectura comprensiva del PPT lleva a la conclusión de que no se exige ni valora una membrana determinada, sino unas características del zapato, el cual deberá ser impermeable y permitir la transpiración del pie. Sobre esta cuestión manifiesta el servicio gestor en el citado informe de 18 de abril que:

“Ilo queda patente no procedemento de avaliación que establece o propio PCAP para a determinación da puntuación outorgar a cada un dos elementos que conforman cada un dos lotes. Neste sentido debemos facer referencia a condición de avaliación

establecida no apartado 7.A. das FEC -Contido do sobre "B"-, se indica que o licitador deberá presentar unha "Memoria técnica descriptiva da funcionalidade e das características técnicas das prendas a subministrar, a cal deberá incluír as fichas técnicas de cada unha das prendas a subministrar, indicando con detalle as características técnicas dos tecidos a empregar na confección das mesmas, incidindo en aqueles valores que teñen unha relación directa sobre a calidade dos tecidos que como mínimo deberá comprender:

- a) Descrición técnica da prenda ou elemento a ofertar en relación as peculiaridades da súa confección.
- b) Descrición dos valores cualitativos e cuantitativos da composición das fibras e a masa laminar dos tecidos.
- c) Valores que incidan na durabilidade, tales como a resistencia dos tecidos ou a solidez das tinturas.
- d) Valores que incidan na funcionalidade e confortabilidade, tales como a resistencia a penetración da auga, a resistencia térmica, a transpirabilidade, a capacidade de absorción de auga ou a capacidade antibacteriana dos tecidos principais.

Así mesmo dito apartado das FEC, indica ademais a condición de que "Para as prendas identificadas coa condición de obrigatorio mostra deberá achegarse unha xustificación acreditativa de ensaios realizados por laboratorios homologados para garantir o cumprimento dos valores aportados nas fichas técnicas."

Desta condición desprendese que a ficha técnica refírese a condición técnica do material "goretex" como unha referencia, xa que o que vai a ser avaliado quedará determinado polas condición técnicas do produto ofertado en relación os condicionantes xustificadamente acreditado por laboratorios homologados sobre a condición de impermeabilidade e transpiración do produto ofrecido".

Tal y como se desprende del citado informe, esta referencia en todo caso es un ejemplo de las características que han de reunir las citadas botas. En consecuencia, en opinión de la que suscribe, no se infringe el artículo 117.8 del TRLCSP, por lo que procede proponer al Tribunal la desestimación de la alegación segunda del escrito de recurso.

-VIII-

La indefinición de los PCAP en los criterios de adjudicación evaluables a través de fórmula (fundamento de derecho tercero del escrito del recurso)

Na derradeira alegación, o recurrente considera que o criterio de adxudicación recollido no apartado 9.B.2 da FEC do PCAP é indefinido.

O citado criterio é o seguinte:

"B.2.- REDUCCIÓN DO PREZO UNITARIO SOBRE ELEMENTOS NO INCLUIDOS NO ANEXOS DO PPTP PERTENCENTES AS MESMAS FAMILIAS DE PRODUCTOS QUE SE INCLÚEN EN CADA LOTE (PE2): valorarase con ata 15 puntos



Concello de Vigo

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicado en valor porcentual con un máximo de dou decimais), que será aplicado de forma uniforme a todos os prezos que se determinen para este suposto”.

Este criterio hai que ponelo en relación da cláusula 2.b do PPT:

“Cando por necesidades xustificadas polo servizo ó que se refira o subministro, se requira unha prenda ou elemento vinculado coas obrigas do vestiario, e o mesmo non figure no cadro de prezos dos anexos do PPTP, pero as súas condicións se atopen referenciadas dentro de algunha das familias de produtos contemplados en cada un dos lotes obxecto deste contrato, o adxudicatario terá a obriga de subministrar os materiais requiridos polo Concello de Vigo, coas mesmas condicións de calidade das prendas definidas para o citado lote, así como nos mesmos prazos de entrega. Esta condición terá unha incidencia determinante cando as condicións esixidas polo Concello se atopen relacionadas coa necesidade de dar cumprimento á normativa en materia de seguridade e saúde laboral”.

Considera o recorrente que o PPT neste extremo adolece dunha indefinición de tal magnitude, por canto non se define que ha de entenderse por “familias de produtos contemplados en cada un dos lotes”, que de manterse podería determinar una *“absoluta ruptura do equilibrio económico-financeiro do contrato”*, por canto entende que *“non pode esixirse a un licitador a formulación dunha oferta económica sobre elementos que, aínda configurándose como obxecto do subministro, non están definidos nin en número, nin en tipoloxía, nin en requerimientos técnicos”*, circunstancia que na súa opinión determina a nulidade da cláusula.

Informa ao respecto o servizo xestor que:

“O PPTP indica no súa cláusula 2, os catro lotes dos que consta este expediente de contratación, quedando os mesmos perfectamente enmarcados nunha tipoloxía ou familia de produtos concretos:

LOTE Nº 1: Calzado ; Conforman este lote todos os elementos definitorios do calzado inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato.

LOTE Nº 2: Prendas ou elementos de uniformidade xeral . Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato.

LOTE Nº 3: Roupa de traballo coa condición de EPIs . Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades de todos os servizos municipais vinculados ao obxecto deste contrato, que teñen a condición de equipos de protección individual.

LOTE Nº 4: Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local . Conforman este lote todas as prendas ou elementos definitorios do vestiario inherente as necesidades do servizo da Policía Local de Vigo de acordo coa Orde

de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local".

A vista desta definición queda suficientemente xustificado o ámbito de cada un dos lotes, polo cal o criterio de avaliación determina con total claridade cales poden ser os elementos a requirir do adxudicatario. De resultar necesario algún elemento non contemplado inicialmente entre os determinados con prezos unitarios, tanto por necesidades funcionais dos elementos que deben de compoñer o vestiario dos diversos postos de traballo, así como por algunha modificación normativa, o PCAP, recolle como criterio a avaliar mediante fórmula a porcentaxe de minoración sobre o prezo que se determine para cada novo produto".

O que se pretende é que, se durante a execución do contrato xurdirán necesidades novas de vestiario do persoal, sempre e que se trate de prendas do mesmo tipo que as comprendidas en cada un dos lotes, o licitador oferte un desconto unitario a aplicar o prezo das mesmas. No entanto, considera COMPOL, tal e como se ten dito, que o subministro de prendas dado que *"non están definidos nin en número, nin en tipoloxía, nin en requirimentos técnicos"* rompe o equilibrio do contrato. É preciso aclarar ao respecto que:

- O número de prendas a subministrar non está definido nos pregos nin seque-
ra para as prendas relacionadas en cada un dos lotes, por canto se trata dun
contrato de subministro en función das necesidades da Administración con or-
zamento máximo, regulado na disposición adicional 34ª do TRLCSP.
- Con respecto á tipoloxía aclárase na citada cláusula 2.b do PPT que deberá
tratarse de *"prenda ou elemento vinculado coas obrigas do vestiario, (...) as
súas condicións se atopan referenciadas dentro de algunha das familias de
produtos contemplados en cada un dos lotes obxecto deste contrato"*.
- Con respecto aos requirimentos técnicos determina esa mesma cláusula que
*"coas mesmas condicións de calidade das prendas definidas para o citado
lote, así como nos mesmos prazos de entrega"*.

Reforza este argumento o feito de que o apartado 16.C da FEC do PCAP prevé como circunstancias que determinan a modificación do contrato:

- A necesidade dun maior número ou de novas prendas ou elementos para dotar de
vestiario aos traballadores derivado do aumento do persoal adscrito a cada servizo.
- A modificación da normativa vixente en canto a seguridade e saúde no traballo.

E establece como límites da mesma:

- 20% do prezo do contrato, para cada un dos catro lotes.
- A incorporación de novas prendas ou elementos non poderá ser superior ao 30% do
número de prendas ou elementos de cada un dos lotes.



Concello de Vigo

E como determina o artigo 1285 do CC, de aplicación supletoria a interpretación dos contratos administrativos, "As cláusulas dos contratos deberán interpretarse as unhas polas outras, atribuíndo ás dubidosas o sentido que resulte do conxunto de todas". Consecuentemente, a Administración non pode solicitar calesquera prendas non comprendidas entre as relacionadas para cada un dos lotes, senón que deberá respectar estes límites.

Á vista do exposto, procedería solicitar del Tribunal la desestimación da alegación formulada no fundamento de dereito terceiro do escrito de recurso.

-IX-

Conclusiones

A la vista de lo expuesto a lo largo de este informe, en opinión de la que suscribe procede solicitar del Tribunal la inadmisión del recurso, pues, tal y como se ha manifestado en el fundamento jurídico IV, y sin perjuicio de su ulterior examen por el Tribunal, el recurso es extemporáneo.

Con respecto al fondo del recurso, por si el Tribunal considera que debe admitirse el recurso, una vez analizados, en los fundamentos jurídicos VI, VII y VIII de este informe, los motivos alegados por el recurrente para la impugnación de los pliegos que rigen el procedimiento para la contratación de la concesión de suministro de los diversos elementos que conforman el vestuario para personal municipal del Concello de Vigo, procede solicitar del Tribunal, la desestimación de las alegaciones formuladas por el mismo, en su escrito de recurso por los motivos alegados en los citados fundamentos jurídicos.

-X-

Medidas cautelares

Solicita el recurrente que se imponga la medida cautelar de suspensión del procedimiento. Esta medida únicamente es de obligada adopción por el tribunal en caso de que la impugnación lo sea del acto de adjudicación del procedimiento. Dado que el recurso impugna los pliegos que rigen este contrato y es extemporáneo, a juicio de la informante no procede acordar la citada medida cautelar.

-XI-

Acuerdo

En mérito a lo expuesto, se propone a la Junta de Gobierno Local, en calidad de órgano de contratación del Concello de Vigo (disposición adicional segunda del TRLCSP) y en uso de las facultades que le confiere la legislación vigente, la adopción del siguiente acuerdo:

"1º.- Aprobar el presente informe.

2º.-Dar traslado del mismo al Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(408).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 5/2018. CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA A FINANCIACIÓN DAS AXUDAS DE REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS NOS ARIS DO CASCO VELLO, BOUZAS, COIA E SANTA CLARA. EXPTE 10651/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 19/04/18, dáse conta do informe-proposta de data 16/04/18, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e conformado pola vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

Visto o Decreto da Vicepresidenta de Urbanismo de 16 de abril de 2018, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

1º) O gasto que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade. Os acordos asinados o 26 de outubro de 2017 así o esixen.

2º) O importe global de 1.317.355 euros destínase ás seguintes partidas:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Créd.inicial</u>	<u>Alta</u>
1510.7801500	Axudas rehabilitación vivendas	0,00 €	859.396,00 €
1510.7000000	Transferencia ó Concello (Reurbanizacións)	0,00 €	139.959,00 €
1510.2279908	Equipos técnicos	0,00 €	318.000,00 €

3º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de 1.317.355 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

4º) O financiamento desta modificación realizarse mediante o remanente líquido de tesourería (afectado, neste caso), conforme ó artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O Remanente Líquido de Tesourería afectado a 31.12.2017, segundo a liquidación aprobada o 15.02.2018 (Pleno de 28.02.2018), era de 5.080.599,67 euros.

En consecuencia, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 1.317.355,00 euros (modificación nº 05/2018 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería afectado, conforme ó expresado neste informe-proposta”.

Con data 19/04/18, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, dictamina favorablemente o anterior informe e propón ao Pleno, a través da Xunta de Goberno Local a adopción do acordo que se contén na parte dispositiva.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

7(409).- EXECUCIÓN DE SENTENZA NÚM. 32/2018 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO DO 31.01.2018 (P.A. 178/2017). EXPTE. 10475/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/04/18, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, e conformado polo xerente da Xerencia de Urbanismo, o secretario xeral do Pleno e o interventor xeral, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

O 30.12.2016 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Conceder un complemento de produtividade a favor de D^a Elena Rodríguez Pequeño e D^a Sonia María Pastor Diéguez, funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, por importe de 866,20 euros, cada unha, pola especial dedicación derivada da ausencia da titular do posto de xefa da oficina administrativa de Planeamento e Xestión.” Dito complemento foi abonado en xaneiro de 2017.

Con data 31.01.2018 o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo ditou sentenza estimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por D^a María Elena Rodríguez Pequeño e D^a Sonia María Pastor Diéguez, declarando o dereito das demandantes a percibir:

1) *“El complemento de productividad durante el período de marzo de 2015 a outubro de 2016 calculado conforme á diferenza entre os complementos de destino e específico existente entre o posto de xefe do oficina e de administrativo, e dividido entre dous, descontándose os períodos de vacacións, permisos e similares das demandantes”.*

2) *“Un complemento por produtividade polas labores administrativas desenvoltas no Departamento de Cartografía e no de Urbanización e Infraestruturas, de acordo co establecido na Instrución 3^a das Instrucións de Plantilla do persoal ó servizo da Corporación e os seus Organismos Autónomos aprobadas en 2010.”*

2.- Cálculo do complemento de produtividade a percibir.

2.1.- Complemento de produtividade durante o período de 25 de marzo de 2015 a 3 de outubro de 2016.

Este período supón 18 meses e 9 días. A diferenza entre os complementos de destino e específico dos postos de xefe de oficina e de administrativo é de 4.600,13 euros (calculado por la diferenza entre percepcións íntegras anuais): 2.301,20 euros correspondentes a 2015 e 2.298,93 euros a 2016.

A continuación calcúlase o complemento que lle corresponde a cada unha das demandantes dividíndose entre dous e conforme a súa presenza efectiva (ós 193 días laborais de 2015 e ós 187 días laborais de 2016, nos citados períodos, descóntanselle as ausencias por vacacións, permisos e similares, obtendo unha porcentaxe de asistencia).

* Complemento de produtividade correspondente a María Elena Rodríguez Pequeño:

- Ano 2015: $2.301,20 \text{ euros} / 2 = 1.150,60 \text{ euros} * 82,38\% = 947,90 \text{ euros}$.

- Ano 2016: $2.298,93 \text{ euros} / 2 = 1.147,46 \text{ euros} * 75,94\% = 872,90 \text{ euros}$.

TOTAL = 1.820,80 euros

* Complemento de produtividade correspondente a Sonia Pastor Diéguez:

- Ano 2015: $2.301,20 \text{ euros} / 2 = 1.150,60 \text{ euros} * 43,52\% = 500,74 \text{ euros}$.

- Ano 2016: $2.298,93 \text{ euros} / 2 = 1.147,46 \text{ euros} * 83,42\% = 957,21 \text{ euros}$.

TOTAL = 1.457,95 euros

Toda vez que ambas funcionarias percibiron 866,20 euros cada unha, procede agora o aboamento a D^a. María Elena Rodríguez Pequeño de 954,60 euros e a D^a. Sonia Pastor Diéguez de 591,75 euros.

2.2.- Complemento de produtividade polas labores administrativas desenvoltas no Departamento de Cartografía e no de Urbanización e Infraestruturas.

Este complemento calcúlase tendo en conta o número de trámites realizados nas unidades de Cartografía e de Urbanización e Infraestruturas en relación co total dos realizados polas citadas funcionarias: 806 de un total de 13.441 (datos facilitados polo Servizo de Informática desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Representa un 6% do conxunto do traballo.

Desta forma, o importe que se asigna é o seguinte:

* María Elena Rodríguez Pequeño: 6% de 1.820,80 euros = 109,25 euros.

* Sonia Pastor Diéguez: 6% de 1.457,95 euros = 89,88 euros.

En consecuencia e totalizando ambos conceptos, procede o aboamento dos seguintes importes:

* María Elena Rodríguez Pequeño: 1.063,85 euros.

* Sonia Pastor Diéguez: 681,63 euros.



Concello de Vigo

3.- Fundamentación xurídica.

Conforme ó artigo 118 da Constitución española “é obrigado cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e Tribunais, así como prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto”. Dada a contía sobre a que versa a reclamación, a citada sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo non é recorrible e pola tanto é firme (así o expresa o fallo xudicial).

4.- Existencia de crédito adecuado e suficiente.

Na partida 1510.1500000 “Produtividade”, do vixente Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo, existe crédito adecuado e suficiente para asumir o presente gasto por importe total de 1.745,48 euros. Efectúase retención de crédito número 201800000886.

5.- Competencia.

Conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f), dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo (BOP de 6.10.2010), en relación co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Consello da Xerencia proporá a adopción dos acordos en materia de retribucións do persoal deste Organismo Autónomo.

6.- Proposta.

De conformidade co antedito o Consello de Xerencia proporá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar un complemento de produtividade de 1.063,85 euros a favor de D^a María Elena Rodríguez Pequeño e de 681,63 euros a favor de Sonia Pastor Diéguez, ambas administrativas desta Xerencia Municipal de Urbanismo, en execución da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo, nº 32/2018, do 31.01.2018 (P.A. 178/2017)”.

Con data 19/04/18, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda, por unanimidade, elevar á Xunta de Goberno Local este expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez